

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN PARITARIA II CONVENIO COLECTIVO DO PAS LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

REPRESENTANTES SINDICAIS

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Luis Pérez Gómez (CIG)

Manuel Marcos García (CCOO)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Federico Fernández Fernández (CIG)

A Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo mantivo unha reunión ás 12:00h, do 7 de xuño de 2019 na Sala II do Edificio Exeria, coa seguinte


ORDE DO DÍA

1. **Implementación da cláusula de xubilación do II Convenio Colectivo do PAS laboral da Universidade de Vigo**
2. **Rogos e preguntas.**

A xerenta comeza a reunión facendo referencia á lexislación de 2012 pola que eran nulas as cláusulas dos convenios colectivos que estableceran idades de xubilación. Coa lexislación de 2018 modifícase isto polo que se propón unha nova redacción do artigo 52 do Convenio Colectivo segundo se reflicte na documentación entregada.

Pablo Álvarez expresa non esta de acordo con volver a por en vigor esta cláusula por tres razóns:

- 1) A lexislación declarou nula esta cláusula que xa non está en vigor e introducíronse modificacións que permiten que un traballador tome a decisión de incrementar un 2% por ano que prolongue súa vida laboral.
- 2) As previsións de caída do poder adquisitivo das pensións en 12 anos falan dunha perda de entre un 30% a un 40% o cal no ten o mesmo efecto en unha pensión máxima que



na dun grupo IV. Dáse o caso de que un grupo I que os 65 teña unha pensión de 2.400€ poda quedarse para redondear os 2.500€ pero un grupo IV cunha pensión de 1.200€ non poida quedarse a redondear a 1300€.

- 3) Os PDI-L poden quedarse mentres queiran, os funcionarios ata os 70 anos o PDI-funcionario tamén, é dicir, que só teñen que ver limitada a súa capacidade de elección os PAS laborais.

Marcos Estévez di que o feito de establecer unha idade de xubilación é unha medida para fomentar o emprego, hai que ter en conta que obrigando á persoa a xubilarse dáse a opción a que entre unha nova.


Federico Fernández cre que non é competencia da Comisión Paritaria senón da Comisión Negociadora do Convenio. Podería chegar a interpoñerse unha demanda por este motivo, de feito xa chegou a suceder, polo que propón que sexa a Comisión citada a que redacte o novo artigo.

Luis Pérez lembra a UXT que asinaron un convenio colectivo cuxo espírito era e é fomentar o emprego. Co que están a plantexar agora de acadar o 102% ou 104%... non se fomenta o emprego. Por outro lado di que a Comisión Paritaria si ten que opinar sobre o que sucede con estes artigos.

Carlos Mollinedo cre tamén que é necesario saber se este tema é competencia da Comisión Negociadora ou da Comisión Paritaria polas repercusións legais que poidan haber.

A xerenta di que se vai consultar, pero cre que dado que hai un antecedente e sendo un mero trámite formal, parécelle acaído que sexa a Comisión Negociadora do Convenio.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 12:00h



The image shows several handwritten signatures and initials. On the left, there are some initials in black ink. Below them is a large, stylized signature in blue ink. To the right of this is another signature in blue ink, which is more scribbled. Further right is a signature in black ink. Below the blue signature, there is a green signature and another black signature.